

25 novembro 2016

Día Internacional para a Eliminación
da Violencia contra as Mulleres

25 de Novembro 2016

Propostas Didácticas

vivas,
libres e
empoderadas



CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL
Organización de Mujeres



25 de Novembro 2016

Propostas Didácticas

Educación Infantil, Primaria, E.S.O., Bacharelato e F.P.A.

Propostas Didácticas

índice

Xustificación e obxectivos	Pág. 3
Educación Infantil	Pág. 6
Educación Primaria. Alumnado de 6 a 9 anos.	Pág. 7
Educación Primaria. Alumnado de 9 a 12 anos.	Pág. 9
E.S.O. Alumnado de 12 a 14 anos.	Pág. 11
E.S.O. Alumnado de 14 a 16 anos.	Pág. 13
Bacharelato, F.P. e Formación de Persoas Adultas.	Pág. 15
Recursos: Qué ler, qué ver, qué es- coitar, qué visitar...	Pág. 17
Manifiestu del 25 de novembro da Organización de Mulleres da Confederación Intersindical.	Pág. 21
Taboa feminicidios	Pág. 22

25 de Payares 2016

Propostas Didácticas
Educación Infantil, Primaria,
E.S.O., Bacharelato y F.P.A.



STES INTERSINDICAL
Organización de Mulleres

Elaboración e Coordinación:

Organización de Mulleres de STES-i, Organización de Mulleres da Confederación Intersindical e Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Portada, deseño e maquetación:

Mario Padilla. Área de Publicacións da Confederación Intersindical.

Edición y Distribución:

Confederación Intersindical. C/ Carretas, 14, 7º F, 28012 MADRID.

Tel.: 91 523 14 78. Fax: 91 532 22 80.

Correos electrónico: o_mujeres@stes.es | publicaciones@intersindical.es | www.stes.es

Colaboraron na elaboración destas propostas didácticas:

Macu Gimeno Mengual, Mª Luz González Rodríguez, Elisa Simón Mateo, Mª Carmen Gil Robles, Pilar Lopez Gomez, Elena Infante Castro, Sandra Serra Teruel, Loly Verde Trujillo.

Esta publicación ou calquera parte dela pódese reproducir e distribuír libremente, aínda que nos gustaría que nos citásedes

25 de novembro

**vivas,
libres e
empoderadas**

Propostas Didácticas

Proposta de Actividades 25 de novembro de 2016

vivas, libres e empoderaes

Xustificación:

A Organización de Mujeres de la Confederación Intersindical, outro 25 de novembro máis, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, fai un chamamento a todos os axentes da comunidade educativa invocando a transcendencia e magnitude que a educación supón para erradicar unha das maiores e máis perniciosas secuelas en todas as partes do planeta: a violencia que se exerce cara ás mulleres. Esta violencia que se produce en todos os eidos da sociedade. De maneira explícita a través dos malos tratos, os feminicidios, a explotación e tráfico con fins sexuais, nos conflitos armados ou no acoso sexual; e de maneira simbólica a través dos medios de comunicación, a violencia desculpada nas tradicións culturais e relixiosas ou a violencia institucional tolerada e silenciada.

Con esta finalidade dirixímonos a vós, alumnado, profesionais da docencia e da orientación nos centros, e ofrecémosvos unha nova contribución a esta tarefa educativa mediante esta proposta didáctica con actividades para traballar na aula, estruturada por ciclos, infantil, primaria, secundaria e bacharelato e a educación para persoas adultas.


Con estes materiais pretendemos contribuír a configurar un currículo non sexista, onde se supere a histórica invisibilidade das mulleres e onde se ensine e se aprenda a construír a igualdade entre mulleres e homes, achegando materiais e estratexias que permitan detectar e combater situacións e condutas que conducen á violencia contra as mulleres, ao mesmo tempo que fomentar cambios cognitivos, emocionais e actitudinais que permitan construír unha convivencia entre todas as persoas rexida polos principios de xustiza social, equidade, e igualdade. Concienciémonos e eduquemos as nosas mozas e mozos para iso. Nós non estamos mortas nin permanecemos caladas!

Contidos:

- Formas de violencia contra as mulleres.
- Roles e estereotipos sociais que contribúen á violencia contra as mulleres.
- Novas tecnoloxías e redes sociais como instrumentos para exercer violencia contra as mulleres.
- Violencia simbólica: os estereotipos de beleza feminina, publicidade e os medios de comunicación.
- Prevención da violencia de xénero a través da educación en igualdade.
- Consecuencias da desigualdad de xénero na nosa sociedade.
- Linguaxe sexista.
- Micromachismos: a sutileza das novas formas de violencia.

Obxectivos:

- Educar en igualdade como instrumento para previr todo tipo de violencia cara as mulleres, potenciando actitudes de respecto cara o feminino.
- Definir, visualizar e identificar todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.
- Desenvolver un espírito crítico ante os costumes, crenzas e prácticas sociais lexitimadas pero que implican violencia contra as mulleres.
- Dotar de estratexias que permitan detectar as actitudes violentas e os sesgos sexistas cara as mulleres nas contornas máis próximas, familia, amizades, centros educativos.
- Reflexionar criticamente sobre todos aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a desigualdade e disimetría entre sexos no eido social, laboral e



Propostas Didácticas

- económico como causa da violencia de xénero.
- Coñecer mecanismos e protocolos de actuación diante da violencia machista.
- Detectar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, música, arte, etc, e desenvolver estratexias de modificación.
- Detectar a violencia simbólica que se exerce socialmente contra as mulleres, e desenvolver unha actitude de rexeitamento fronte a ela.
- Reflexionar sobre as novas formas de violencia cara as mulleres a través das redes sociais.
- Recoñecer a violencia de xénero como un problema social que nos afecta a todas e todos e desenvolver actitudes de loita activa.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada un/unha no camiño de manter unha autoestima axeitada.
- Concienciar o alumnado para compartir e asumir responsabilidades, familiares e sociais de forma conxunta evitando estereotipos sexistas.

Competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística:

– Usar a linguaxe para a igualdade e a construción de relacións en pé de igualdade entre homes e mulleres.

– Analizar os actos comunicativos que implican invisibilización ou violencia cara as mulleres.

2. Competencia matemática:

– Realizar exercicios onde mediante a comparación de salarios, porcentaxes de representatividade feminina, cupos e cotas de poder, pónse de manifesto as disimetrías sociais e laborais entre mulleres e homes.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

– Recoller información sobre distintos aspectos da vida cotiá tanto en documentos impresos ou on-line, onde se desvela unha realidade incontestable como é a permanencia de relacións de desigualdade entre homes e mulleres, así como un trato discriminatorio no laboral, social, económico... Reflexionar e elaborar propostas de intervención para erradicar estas desigualdades.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

– Elaborar fichas, cartaces, vídeos, grabacións musicais, Power-Point... Cun uso debido das novas tecnoloxías, a partires da procura e selección de información a través de Internet.

5. Competencia social e cidadá:

– Relacionarse coas demais persoas para solventar conflitos de xeito pacífico. Valorar e respectar as aportacións das mulleres á sociedade.

6. Competencia cultural e artística:

– Analizar o uso da imaxe das mulleres en reproducións artísticas, cine, textos literarios, etc, co obxectivo de por en contacto o alumnado co patrimonio cultural, ao mesmo tempos que se detectan os trazos sexistas que poidan conter.

7. Competencia para aprender a aprender:

– Desenvolver a capacidade de aprender por si mesmos e por si mesmas, a través do traballo en equipo entre iguais, a investigación e a observación da realidade cotiá.

8. Autonomía e iniciativa persoal:

– Fomentar a autoestima, dignificar e aprezoar o feminino para así romper estereotipos sexistas e favorecer a autonomía das persoas para tomar as súas propias decisións.

Metodoloxía:

Ao longo da unidade didáctica utilizaremos unha metodoloxía activa e participativa que propicie no noso alumnado, por unha banda, cambios nas actitudes individuais, nos seus coñecementos e as súas habilidades para eliminar as ideas erróneas que subxacen no fenómeno da violencia de xénero, e pola outra que o capacite con estratexias para detectar e recoñecer as distintas

25 de novembro

vivas,
libres e
empoderadas

Propostas Didácticas

formas de violencia cara ás mulleres e os posibles casos de malos tratos que atopen ao seu ao redor.

Así pois a presente UD fai uso de técnicas que promoven o cambio nas ideas previas do alumnado, a través da contrastación con todo tipo de fontes documentais, escritas, visuais, musicais así como coa opinión dos seus iguais, sendo esta técnica, sobre todo na educación secundaria, unha das máis eficaces para afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe, dada a elevada receptividade a ser educados polos seus iguais. Entre as técnicas utilizadas destacamos os grupos de discusión, xogos, role play, escritura creativa, análise de documentos, películas, cancións, debate grupal.

As actividades que elaboramos traballásense unhas de maneira individual, buscando a reflexión persoal, e outras de maneira cooperativa, propiciando a participación e o debate de alumnas e alumnos potenciando en ambos os tipos de actividades a sensibilización ante este importante problema e a concienciación para unha participación activa na súa erradicación.

Criterios de avaliación:

A proposta que presentamos non corresponde cunha unidade didáctica ao uso, e por tanto non pretendemos unha avaliación disciplinada da mesma. Con todo concluíriamos con éxito os nosos obxectivos se ao finalizar o alumnado:

- Mostra actitudes de respecto cara as demais persoas sen ningún tipo de discriminación por razón de xénero.
- Recoñece e diferencia os distintos xeitos de exercer a violencia contra as mulleres e nenas na súa contorna máis próxima.
- Mostra unha actitude crítica ante accións ou fenómenos que supoñen discriminación ou violencia cara ás mulleres nos costumes, crenzas e prácticas sociais habituais.
- Coñece e utiliza estratexias para detectar e erradicar actitudes violentas e machistas nas contornas máis próximas, familia, amizades, centros educativos.
- Detecta e mostra rexeitamento cara a aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero (superioridade "natural" o home, o amor pódeo todo, compatibilidade entre amor e malos tratos, o amor require entrega total e perda de intimidade, o amor é posesión e exclusividade etc.)
- Identifica as desigualdades entre sexos no ámbito social, laboral e económico como causa da violencia de xénero.
- Coñece e sabe poñer en práctica os mecanismos e protocolos de denuncia das actitudes violentas cara ás mulleres.
- Detecta usos sexistas da linguaxe en distintos medios e utiliza estratexias para corríxilos.
- É capaz de detectar as distintas manifestacións de violencia simbólica cara ás mulleres, e mostra rexeitamento fronte a elas.
- Considera a violencia de xénero como un problema e implicase activamente na súa eliminación.
- Adquire unha imaxe axustada da súa propia existencia, pero en igualdade coa de outras persoas.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada cal co fin último de manter unha autoestima adecuada.
- Comparte e asume a corresponsabilidade evitando estereotipos sexistas.



Educación Infantil

Actividade 1: A ruleta das cousas boas

En asemblea facemos unha quenda de palabras sobre cousas que poden facer dano a outras persoas e dámoslle o nome de violencia. Reconducimos as achegas cara ás cousas boas que podemos facer por outras persoas.

Dividimos o alumnado en dous grupos. A cada grupo dámoslle un círculo grande dividido no seu interior en 10 porcións. Cada neno ou nena debuxará unha cousa boa (sorriso, bicos, corazón, etc) na porción que lle corresponda e daralle cor.

Cando estean terminados os dous círculos perfórnanse no centro e colócaselles un encadernador a cada un, de forma que o círculo dea voltas, e unha frecha indicadora.

Un alumno ou unha alumna farán xirar a ruleta. Cando se pare, sairá a persoa que fixo o debuxo e explicaráo. Á súa vez o que explicou o debuxo fai xirar novamente a ruleta e sae a seguinte, e así sucesivamente.

Asegurarémonos de que sae todo o alumnado.

NOTA: Segundo o nivel iremos ampliando a dificultade do exercicio, (exemplo: en 5 anos completarámoslo poñendo palabras)

Actividade 2: Isto é violencia

En asemblea explicamos o que é violencia e como se adoita exercer, a partir das achegas na quenda de palabra do alumnado. Dámoslle a este cartolinas de cores. Cada quen debuxará o que é violencia para el

NOTA: En cursos superiores podemos facer unha listaxe das cousas boas que podemos facerlle ás demais persoas.

ou ela.

Os traballos expoñeranse nun recanto da clase. Cando os vexamos todos analizaremos que poderíamos facer para que non haxa violencia e poñerémolo en común.

Actividade 3: Ti dásme e eu douche

En asemblea explicaremos o ben que nos sentimos cando facemos algo bo polas demais persoas, despois de escoitar as achegas do alumnado. A profesora ou profesor terá preparados cartóns con accións positivas: bico, abrazar, sorrir, acariñar, etc.

O alumnado camiñará libremente pola aula, cando a titora ensine un cartón faránlle mutuamente ao compañeiro ou

compañeira que atopen de fronte o que se indica na cartolina. Vólvese repetir a acción cun cartón diferente.

Terminado o traballo de grupo poñeranse os cartóns duplicados nun recuncho da aula e individualmente poderán xogar a emparellalos.

Ao rematar o exercicio comentarán como se sentiron.

NOTA: Segundo o nivel podemos ir complicando o exercicio, (en cursos superiores, por exemplo, no canto de debuxos poderían ser palabras)





Educación Primaria

Actividades para alumnado de 6 a 9 anos



Actividade 1: O abano dos encantos


Actividade para desenvolver a autoestima e a empatía en nenas e nenos

Tras o visionado do conto “A pega e a cotorra” <https://www.youtube.com/watch?v=sM5PU8PeEuE> preguntamos ao alumnado o que pensaban as dúas aves de si mesmas e como foi que chegaron a cambiar de opinión.


Tras argumentar as repostas, convidámoslos a pensar nas características positivas de cada quen e concluímos que é importante non esquecer estes “encantos”, pois con frecuencia centrámonos no negativo de nós mesmos ou dos demais.

Agrupamos á clase en pequenos grupos de 5 e cada neno ou nena elabora un abano de papel. O resto do grupo escribe en cada pégue dos outros 4 abanos dous “encantos” da correspondente compañeira ou compañeiro. Unha vez terminado o traballo, cada quen lerá en voz alta as cualidades positivas que os demais escribiron del ou dela.

Co fin de desenvolver o grao de autoestima, levarán o abano á casa e colocaran nun lugar ben visible para non esqueceren nunca estes “encantos” e telos sempre ben presentes.



Actividade 2: Pégalle «Slap her»



<https://www.youtube.com/watch?v=6ZCqFKPxUK> O alumnado visionará atentamente este vídeo.

Preguntar: Que farías ti en lugar destes nenos se che din “pégalle”? Por que razón coidas que non o fan? Valorar as respostas. Que podemos facer antes de responder cunha agresión física? Anotar as respostas e exhibilas nun lugar visible da aula para non esquecerlas.

Interesarse polo que coñecen sobre a “violencia de xénero”. De seguido, recompilar noticias de xornais ou revistas relativas ao tema e indagar con eles propostas que axuden a mellorar este problema social.



Actividade 3: Aprendemos de Mara *Opcional*



Visiónar o conto “Mara orellas de bolboreta”
<https://www.youtube.com/watch?v=051fvwTM0UM>

Comentar as actuacións dos personaxes do conto: a dos seus compañeiros e a de Mara ante as burlas destes cara a ela

Preguntar se lles parece que a protagonista actúa ben e que farían eles no seu lugar.

Facer fincapé no rexeitamento que debemos mostrar ante calquera burla, xa sexa física ou relacionada co xeito de ser. Pero tamén en como debemos reaccionar ante elas, sacando algo positivo do que nos din, como fai Mara, e aceptándonos tal e como somos, diferentes e iguais á vez.

Volvemos visiónar o conto, tentando responder en cada escena con argumentos parecidos aos que contesta Mara. Deste xeito, tentamos que busquen estratexias para resolveren eles mesmos os conflitos ou ben para evitalos antes de que acontezan.



Alguns RECURSOS...

1. Vídeo sobre violencia de xénero en inglés para nenos
<https://www.youtube.com/watch?v=U6OmeEBI7QY>
2. Conto “A cinderela que non quería comer perdices”.
<https://www.youtube.com/watch?v=FxY79rz4xWA>
3. Curtametraxe “RATO EN VENDA”.
<https://www.youtube.com/watch?v=XxvLDL8Smck>
4. WEB EDUCARUECA Recursos para fomentar a autoestima:
<http://www.educarueca.org/spip.php?rubrique13>



**vivas,
libres e
empoderadas**

Propostas Didácticas


Educación Primaria

Actividades para alumnado o 9 a 12 anos

Actividade 1: (Video) O maltrato sutil

É un conto sobre como a sociedade xera na muller unha falta de autoestima que facilita os malos tratos. Trátase dun vídeo para concienciar da importancia de quererse e aceptarse como cada quen é. Ensinar a nenas e nenos que a verdadeira beleza é unha actitude e cada quen é fermosa ou fermoso cando é auténtico.

Despois de ver o vídeo, faremos debate sobre o modelo de beleza imposto, e sobre o que nos ensina o documento visual sobre ser unha mesma / un mesmo.



<https://www.youtube.com/watch?v=Oy9zJ5J2bWA>

Actividade 2: Dinámica a Caixa máxica

Cóntase ao alumnado o seguinte: nesta caixa que teño nas miñas mans, hai algo moi fermoso, é algo único no mundo, cheo de cualidades como a bondade, a simpatía, a cualidade de ser agradable, ecuánime, e moitas outras que serían interminables se as quixese enumerar, pero ademais de ser fermosa, o que hai aquí dentro tamén che pode impedir que alcances as túas metas e consigas o que desexas.

Cada neno/a mira o contido da caixa de forma silenciosa.

E cando termina a última persoa reflexiónase sobre as seguintes preguntas:

- Alguén adiviñou que o que podía era atoparse coa súa cara?
- Que sentiron cando viron o seu rostro no interior da caixa?
- Que pensan que pode pasar se non se aceptan tal e como son?

Reflexión Final:

Demostrarlle a cada persoa o valiosa que é contribúe ao mellorar o seu autoconceito. Demostrarlle a cada quen a súa condición de ser única e irremprazable, para que poida valorarse tal e como é, na súa integridade de persoa.

Actividade 3: (Video) «A Lúa», de Enrico Casarosa

<https://youtu.be/oAcwe21HU6U>



Fermosa curtametraxe que lle amosa a nenas e nenos que están aquí para desenvolveren o seu potencial e o seus talentos únicos, aínda que guiados polo exemplo das persoas adultas que están ao seu redor.

Cousas que pode facer ben.


Consiste en elaborar unha listaxe ou repasar unha serie de tarefas onde o neno/a ten que clasificar as cousas que é quen de facer, isto é, aquelas que coida que se lle dan ben. Observar que, aínda que hai cousas que non sabe facer ben, hai outras tantas que se lle dan de marabilla. Todos temos puntos fortes e puntos non tan fortes.



Educación Primaria

Alumnado de 9 a 12 anos

Actividá 4: (Conto) «Os homes non pegan»



Conto "Los Hombres no pegan". Editorial: Bellaterra 2005 Beatriz Moncó (Testu) e Mabel Piérola (Ilustracións).

"Os homes non pegan" é un conto que trata de chamar a atención contra a violencia familiar e de xénero. É un aviso contra a masculinidade mal entendida, contra a desigualdade entre homes e mulleres, contra os malos tratos domésticos, contra as estruturas de poder que permiten que as familias e as súas relacións se convertan nun terror cotián, nun campo de batalla onde os máis débiles poden perder a vida.

Debate posterior sobre as relacións home e muller nas familias.

<https://www.youtube.com/watch?v=muzqoGnh4-M>



vivas,
libres e
empoderadas

25 de novembro

Propostas Didácticas



E.S.O.

Primer Ciclo. De 12 a 14 anos



Actividade 1: Sí quero... - NON quero...

SÍ

Preparar dous paneis onde o alumnado poida colocar con chinchetas ou alfinetes cartóns que levaremos preparados. Nun panel poñemos de título SI QUERO... e no outro NON QUERO...

Nos cartóns imos escribir supostos nos que se produzan situacións sutís e non tan sutís de violencia de xénero e situacións igualitarias.

Repartiremos ao alumnado dez cartóns e daremos un tempo aproximado de 15 minutos para que as vaian colocando nos dous paneis.

Acto seguido leremos en voz alta os cartóns do panel SI QUERO... e as do NON QUERO.

Dividiremos a clase en dous grupos, asignando a cada un deles un panel. Terán que defender o seu panel cos argumentos que poidan (20 minutos). Exposición en común das argumentacións abrindo un debate de 15 minutos.

Cambiar os cartóns necesarios despois do debate-reflexión.

Expoñer as conclusións ás que se chegue.

NON

SUPOSTO 1

Helena e Xabier son irmáns xemelgos de 14 anos. Os seus pais sempre os deixan saír as fins de semana. Cada un ten a súa panda de amigas e amigos, pero desde sempre a Xabier responsabilizárono de recoller á súa irmá para levala a casa á hora de volta.

SUPOSTO 2

Carme empezou a saír cun mozo do seu novo Instituto. Cada vez que lle dá un gústame ás fotos dos seus amigos a través de Facebook atopa o seu mozo con malas caras.

SUPOSTO 3

Carlos é un rapaz de 13 anos ao que lle gusta a súa amiga María. Ela é unha adolescente moi activa que quere ser delegada da súa clase. Carlos sempre a anima para que faga todo o que se propón.

SUPOSTO 4

En casa de Cristina e Marcos (13 e 12 anos) repártense as tarefas por semanas. Se esta semana a Cristina lle toca sacar o lixo e a Marcos fregar os pratos, para a seguinte intercambian as tarefas.

SUPOSTO 5

Lola sae cada sábado pola tarde coas súas amigas e o seu pai case sempre antes de marchar ponlle pegas coa roupa. Que se vas moi provocativa, que se o pantalón é moi curto, que se esa camiseta che vai moi estreita...

SUPOSTO 6

David é un rapaz de 11 anos ao que lle encanta a orde e a limpeza no seu cuarto. Non lle gusta xogar ao fútbol e nunca se mete en pelexas. Quere estudar enfermaría e chegar a ter moitos fillos/as que coidar e educar.

SUPOSTO 7

O mozo co que saio non para de mirarme cando estou en liña polo whatsapp. Supoño que será porque se preocupa moito por min e quere saber en cada momento con quen estou falando.



SUPOSTO 8

A miña moza non para de organizar escapadas e saídas coas súas amigas e amigos. Algunhas veces convidame, pero outras dime que prefire ir soa. Paréceme estupendo, eu fago exactamente o mesmo.

SUPOSTO 9

Todos os días, no tempo de lecer do instituto, os meus amigos e máis eu ocupamos case todo o patio botando un partidoño de fútbol. Hoxe as mozas enfadáronse e houbo unha forte discusión. Están fartas de recibir balonazos e de non poderen facer nada no recreo. Ao final decidimos convidalas a xogar ao fútbol connosco (nunca as deixabamos) en días alternos combinando outros xogos.

SUPOSTO 10

Ana deixouse coa súa parella, levaban seis meses xuntos. Alberte é moi celoso e desde a ruptura non para de publicar en Instagram e Facebook fotos comprometidas de Ana. Ela estaba moi preocupada e non sabía como terminar con ese problema. Ao final a súa decisión foi volver con el e o tema resolveuse.

Actividade 2: (Dinámica de grupo) «Eu nunca...»

O grupo clase sentará en círculo coas súas cadeiras. A dinámica é sinxela, un alumno ou alumna dirá unha frase en alto relacionada cunha acción que empeza por “eu nunca...”, por exemplo:

“eu nunca recollín a mesa”, todo o alumnado que nunca fixera tal acción deberá cambiar de sitio.

O papel das persoas observadoras será analizar e anotar as seguintes cuestións:

Frase enunciada.

Cantas persoas cambian de sitio, (isto é, que nunca fixeron esa acción).

Se son máis mozos ou mozas os que cambian de sitio.

Transcorridos 15 minutos de xogo, os e as observadoras apuntarán no encerado os resultados.

A continuación xerárase un debate (media hora):

Debemos analizar en grupo que tipo de actividades fan máis os mozos ou as mozas ou se están igualladas.

Observar se seguen viventes

25 de novembro



os roles de xénero en distintas actividades e tratar de clasificar esas accións en 3 grupos:

- Actividades da casa (en relación a tarefas domésticas)
- Actividades do lecer (dentro e fóra de casa)
- Actividades sobre como nos relacionamos cos demais

Tras clasificar as accións preguntárase ao grupo se coñece

o concepto de “Roles de xénero”, farase un remuíño de ideas sobre o termo, e posteriormente tentarase relacionar a definición de roles de xénero coas accións recollidas.

É importante ter en conta se evolucionaron as formas en que nos relacionamos, que tipo de cousas enunciaron máis os mozos e máis as mozas. Como se sentiron no xogo, se nos notamos máis cohibidos uns que outras, que tipo de accións se repetiron máis e se existiu diferenza entre mozas e mozos á hora de expresalas.

A persoa que dirixa o xogo debe animar a dar frases ou pode propoñer temáticas para que o xogo reflecta mellor as accións que queremos poñer de manifesto co debate posterior.

Conclusións: dedicáranse os últimos 10 minutos a enunciar en positivo cousas que poderíamos facer en clase a respecto dos roles de xénero e que nos achegarían a unha convivencia en igualdade.


vivas,
libres e
empoderadas



E.S.O. Segundo Ciclo. De 14 a 16 anos



Actividade 1: Doble Check



OBXECTIVOS:

- Sensibilizar o alumnado ante a violencia de xénero.
- Desvelar os estereotipos culturais-sexistas existentes nas relacións.
- Desmitificar a idea de “amor romántico”.
- Desenvolver a cultura de igualdade nas diferentes relacións humanas, no centro educativo e fóra del.

MATERIAL:

- Curtametraxe “Doble check”
- Material da aula: pizarra, xiz ou rotulador...
- Material do alumnado: caderno, bolígrafos, internet...

METODOLOXÍA:

- Dinámica e participativa.
- O grupo clase verá a curta “Doble check”, a través da seguinte ligazón: https://www.youtube.com/watch?v=8tmB-wF_l3c
- Seguidamente crearánse pequenos grupos de cinco ou seis persoas onde comentarán que lles pareceu a curta e, malia que o sistema de doble chek cambiou un pouco, agora vólvese azul cuando o len, ¿ cal é a idea principal que se desprende?
- A/o docente apuntará na pizarra o tema principal que se consensuará en grupo e observaránse as coincidencias. Apuntaránse as conclusións ás que se chegue.


- Sabedes o que é a violencia de control? Poñede algúns exemplos diferentes ás da curta. Credes que controlen a túa localización, a túa forma de vestir, os teus amigos/as, é violencia de control? Exércena por igual mozos e mozas? Por que pensades que isto é así?
- A violencia de control é violencia de xénero? Por que?
- Que opinades do final? Fariades o mesmo? Razoade a resposta.
- E para rematar xeraráse un debate sobre a temática da curta, en gran grupo: violencia de control, o mito do amor romántico, a figura do príncipe azul, os roles de xénero...

PERIODIZACIÓN:

1 ou 2 sesións. Entre unha e outra sesión pódese deixar tempo para que na casa, en Internet, busquen información sobre os temas que vai a tratar o debate.



Actividade 2: No mundo dos rapaces as mulleres non son golpeadas



OBXECTIVOS:

- Sensibilizar o alumnado ante a violencia de xénero.
- Erradicar comportamentos machistas o de violencia cara as rapazas en el centro.
- Loitar pola igualdade efectiva.
- Rachar cos estereotipos de xénero.

MATERIAL:

- Móbil ou cámara que poda facer vídeos, ordenador, proxector, pantalla ou televisión e DVD.

METODOLOXÍA:

Para comezar veremos o seguinte vídeo:

https://www.youtube.com/watch?v=QOokC_Vo3eA "NO MUNDO DOS RAPACES AS MULLERES NON SON GOLPEADAS".

Despois propoñemos que, por grupos de 4 ou 5 persoas, realicen un vídeo similar (de 5 a 10 minutos), onde se expoña unha situación de agresión ou de violencia cara a unha moza e cal sería a resposta dos mozos. Por exemplo, un partido de fútbol mixto, o ambiente está a caldearse porque está moi igualado, que acontece?, Profírense insultos? Agrédese fisicamente? Os mozos chegan

a pegar ás mozas? Cal debería ser a actitude correcta? Normalmente, actúase con deportividade?...

Visionar os vídeos en clase e posteriormente realizar un debate sobre a violencia de xénero, as súas consecuencias, mecanismos para combatela (a educación e sensibilización sobre o tema). E para acabar, na semana do 25 novembro facer campaña de sensibilización sobre a Violencia de Xénero. Realizar obradoiros nas outras clases, visionando algún dos vídeos e comentándoo despois.

PERIODIZACIÓN:

5 o 6 sesións (repartidas en datas próximas ao 25 de novembro).

vivas,
libres e
empoderadas



Bacharelato, F.P. e Formación de Persoas Adultes

Actividade 1: Mulleres Kurdas en loita contra o ISIS

Antes do visionado do documental:

Comezaremos cunha investigación previa sobre a guerra do ISIS, que pobos están implicados, que procuran con esta guerra, cales son as súas intencións, etc. Analizarán e investigarán o papel das mulleres neste conflito.

Investigarán cal é o pobo Kurdo, onde vive, os seus costumes, crenzas, condicións de vida, onde están asentados, etc. Afondarán no papel das mulleres na vida e cultura kurda.


Despois do visionado:

Unha vez visto o documental, en pequeno grupo responderán ao seguinte cuestionario:

- 1.- Por que loitan as mulleres Kurdas contra o ISIS?
- 2.- Cal é o papel das mulleres na guerra? Están en igualdade cos homes?
- 3.- Compartides a opinión de Roni, compañeiro do grupo?
- 4.- Analizade o documental A que xogan, quen leva o mando do xogo, quen fai as tarefas domésticas.
- 5.- Visionade o minuto 33:20. Por que din que lles teñen medo aos homes do ISIS? Ten sentido este argumento?
- 6.- Escoitade o documental no minuto 33:50. Que vos parece o que di Chichek sobre a vida das mulleres? Pensades o mesmo? Credes que as mulleres cando casan son escravas?
- 7.- Posta en común e debate coas conclusións sacadas nos pequenos grupos.

Visionado del documental:

Mulleres Kurdas en loita contra o ISIS
https://www.youtube.com/watch?v=q5GUEQmZ_gM



Actividade 2: É violencia?

Elaboraranse varias cartolinas con distintos matices de violencias cara as mulleres. En grupos debaterán se son ou non son violencia cara as mulleres:

- Decidir sobre a roupa que leva.
- Controlar as chamadas de teléfono.
- Facer a comida para toda a familia.

- Controlar as amizades da túa parella, con quen sae, cando...
- Criticar e menosprezar as opinións.
- Controlar os cartos que tes e gastas.
- Cobrar menos que os homes.
- Dificultades para promocionar no traballo.

PEQUEÑOS Y GRANDES
MACHISMOS
COTIDIANOS



micro**MACHISMOS**



Propostas Didácticas

2016

16



vivas,
libres e
empoderadas

25 de novembro


Recursos

Qué ler

Todo por amor?: Unha experiencia educativa contra a violencia á muller (Rosa Sensat) de Rosa Sanchis Caudet. Editorial Octaedro, S.L. 2006



MARGARITA PETIT VILA; MONTSE PRAT TORDERA, ICARIA, 2011




NO QUISE BAILAR LO QUE TOCABA P. AGUILAR CARRASCO, Ed. ALMUD, 2014

A forza de pensar o tempo persoalmente vivido chegamos a sospeitar o que foron outros, que xa marcharon. A moitos dos que non o sufriron, Franco parécelles simplemente unha figura ridícula: baixiño, bigotiño, voz afrautada... Pero ese home grotesco, de gran capote militar e adxectivos desmesurados, sementou -secundado polos seus secuaces- primeiro a dor, a morte e a desolación; despois, máis dor, máis oprobio, máis anguria, máis indignidade, máis inxustiza. A xeración da autora (nados dende mediados dos 40 ata mediados dos 50) tivo a sorte de poder combatalo. Tentaron -e no co conseguiron- construír outro estado de cousas. Pero nosa pobre vida política actual, o noso baixo nivel de participación e implicación cidadá, o insolente poder da Igrexa, o posicionamento reaccionario da dereita española, a nosa realidade en suma, está condicionada aínda pola herdanza, as feridas e cicatrices desa guerra e o posteriores corenta anos de ditadura. Con este relato, preténdese ilustrar aquela etapa dende a perspectiva dunha nena nada nun pobo andaluz e serrano ao acabar a Segunda Guerra Mundial. Crecida, pois, baixo o franquismo pero que conseguiu rebelarse e loitar pola liberdade persoal e social. (casadellibro.com)



Qué ler





Unha nova xeración de mulleres maiores comeza a asomar: son as fillas do rock & roll e do feminismo, que hoxe teñen sesenta, setenta e oitenta anos. Racharon moitos moldes, son independentes, activas e esixentes, e os estereotipos da vella modosiña non lle serven. Neste libro renovador e necesario, a autora pon nome a unha infinidade de temas e situacións inéditas que experimentan as mulleres maduras de hoxe. *(Reseña del editor)*
Grupo Planeta. 2013

Con “La amiga estupenda”, Elena Ferrante inaugura unha triloxía cegadora que ten como pano de fondo a cidade de Nápoles a mediados do século pasado e como protagonistas a Nanú e Lila, dúas mulleres novas que están a aprender a gobernar a súa vida nunha contorna onde a astucia, antes que a intelixencia, é o ingrediente de todas as salsas. A relación a miúdo tempestuosa entre Lila e Nanú ten ao seu redor un coro de voces que dan corpo á súa historia e móstrannos a realidade dun barrio pobre, habitado por xente humilde que acata sen máis a lei do máis forte, pero La amiga estupenda é moito máis ca un traballo de realismo social: o que aquí temos son uns personaxes de carne e óso, que intrigan o lector e cégannos pola forza e a urxencia das súas emocións. Por primeira vez Ferrante aborda unha narración moi ampla, poñendo en escea un verdadeiro tableau vivant onde non hai espazo para o tópico: todo é vida e todo respira ao fío da mellor literatura. *(casadellibro.com)*



Editorial Lumen. 2015



SVETLANA ALEXIEVICH . Editorial DEBOLSILLO, 2015

“EN MITAD de la noche oí un ruido. Gritos. Miré por la ventana. Él me vió: “Cierra las ventanillas y acuéstate. Hay un incendio en la central. Vendré pronto.”

O relato da esposa de Vasia, un novo bombeiro, abre este impactante libro sobre as secuelas que a catástrofe de Chernóbil deixou en persoas que o viviron e da manipulación da información por parte das autoridades soviéticas.

Este libro está exposto coma se fose unha traxedia grega, cos seus coros e uns protagonistas marcados por un destino fatal que fan oír as súas voces a través de monólogos. Pero a diferenza dunha traxedia grega, en Chernóbil a orde non volverá restablecerse: non hai catarse posíbel. *(Reseña del editor)*

Almudena Grandes

LOS BESOS EN EL PAN

colección andanzas



ALMUDENA GRANDES . TUSQUETS EDITORES, 2015

Hai que ser moi valente para pedir axuda, pero hai que ser aínda máis valente para aceptala. Os bicos no pan, unha conmovedora novela sobre o noso presente.

Que pode chegar a ocorrerlles aos veciños dun barrio calquera nestes tempos difíciles? Como resisten, en pleno ollo do furacán, parellas e persoas soas, pais e fillos, novos e anciáns, os embates dunha crise que «ameazou con volvelo todo do revés e aínda non o conseguiu»? Os bicos no pan conta, de maneira sutil e conmovedora, como transcorre a vida dunha familia que volve de vacacións decidida a que a súa rutina non cambie, pero tamén a dun recentemente divorciado ao que se oe choricar atrás dun tabique, a dunha avoa que pon a árbore de Nadal antes de tempo para animar os seus, a dunha muller que decide reinventarse e volver ao campo para vivir das terras que alimentaron aos seus antepasados. Na barbeiría, no bar, nas oficinas ou no centro de saúde, moitos veciños, protagonistas desta delicada novela coral, vivirán momentos agridoces dunha solidariedade inesperada, de indignación e de raiba, pero tamén de tenrura e tesón. E saberán por qué os seus avós aprendéronlles, cando eran nenos, a bicar o pan.

(Reseña del editor)

vivas,
libres e
empoderadas



Qué ler

DE LA GARÇONNE A LA PIN-UP

Mujeres y hombres en el siglo XX

Mercedes Expósito García


FEMINISMOS



MERCEDES EXPOSITO GARCIA
Editorial CÁTEDRA, 2016

"De la garçonne a la pin-up" desprega as dúas producións da feminidade máis importantes do século XX. A primeira constrúese ao redor da Primeira Guerra Mundial e é impensable sen o importante movemento de mulleres que coñecemos baixo as denominacións de "sufraxismo" e "feminismo". A segunda ten que ver cos cambios económicos, sociais e culturais ocorridos cara á Segunda Guerra Mundial, e por tanto non podería concibirse sen os autoritarismos que proliferaron por todo Occidente. E se a primeira tratou de romper coa vella orde victoriana que encorsetaba a vida das mulleres, a segunda trata de darlle marcha atrás á liberdade que estaban a alcanzar os costumes e os modos de vida das mulleres modernas. Expresión dun período de acción política enérxica, a "garçonne" achega a novidade da liberdade e a masculinización das mulleres. Froito dunha época de reacción, a "pin-up" asumiu a reconstrución da feminidade como sometemento. *(Reseña del editor)*

Esta é unha reflexión sobre a historia do feminismo, a construción da teoría feminista, a súa inserción nos novos movementos sociais, as protagonistas máis relevantes no panorama internacional e español, as súas propostas filosóficas e de activismo. Un achegamento aos debates máis candentes: democracia paritaria, multiculturalismo, políticas de xénero, crise do suxeito, sexualidade, coeducación, superación dos estereotipos... Análise dun escenario plural e comprometido: feminismo da igualdade, da diferenza, queer, transfeminismos... *(Reseña del editor)*



ROSA MARIA RODRIGUEZ MAGDA
BIBLIOTECA NUEVA, 2015

Qué ver: CURTAS El orden de las cosas (2010)

Unha curtametraxe dos irmáns Alenda, protagonizada por Manuela Vellés, Mariano Venancio, Javier Gutiérrez e Biel Durán. Nominado ao Premio Goya 2011 – Mellor curtametraxe de Ficción.

Qué ver: CINEMA

Angry Indian Goddesses
(7 deusas en España).
India, 2015



EL ORDEN DE LAS COSAS - Corto contra la violencia de género

1.056.943 visualizaciones

<https://www.youtube.com/watch?v=hfGsrMBsX1Q>



Na idílica praia de Goa, Frieda, unha exitosa fotógrafa, reúne ás súas mellores amigas na véspera da súa voda. O grupo é un exemplo da moderna sociedade India. Todo está listo para unha noite de celebración. Pero falta un pequeno detalle: Frieda non lles dixo ás súas amigas con quen vai a casar.



Qué ver: CINEMA

Mustang. 2015. Rusia

Nunha pequena vila, ao norte de Turquía, cinco irmás orfas de idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos pasan o verán nun xardín paradisíaco de risas e xogos inocentes sobre as ondas do Mar Negro cos mozos da escola. Con todo, a condición da muller no país non tardará en provocar rumores de inmoralidade e escándalo das novas, así que os seus familiares, a través da avoa e o tío, deciden facerse cargo do asunto; isto é, preparamas e precipitalas cara o seu destino de futuras esposas.



La Belle Saison (Un amor de verano en España). Francia, 2015



En París, en 1971. Delphine coñece a Carole. A primeira, filla de campesiños, múdase á capital para alcanzar a independencia económica e ser dona da súa propia vida. A segunda ten noivo e vive felizmente os comezos do movemento feminista. A Delphine, misteriosa e reservada, gústanlle as mulleres. Carole nin se plantexa esa posibilidade. Do seu encontro xorde unha historia de amor que desequilibrará as súas vidas ao tropezar coa realidade.

Qué escuchar: MÚSICA

Pasa la palabra hermana, del Grupo «Perra Vieja»

Música Hardcore Punk Feminista



<https://www.youtube.com/watch?v=5UoSJFsagBs>

Qué ler/visitar

Revistas dixitais




<http://conlaa.com/>



<http://tribunafeminista.org/>

25 de novembro



<http://www.pikaramagazine.com/>

vivas,
libres e
empoderadas



25 de Novembro de 2016

Día Internacional para a Eliminación da Violencia Cara As Mulleres



Manifiesto da Asemblea de Mulleres do STEG e da Organización de Mulleres de la Confederación Intersindical

Vivas, libres e empoderadas

Desde hai anos as mulleres estamos a reivindicar a recuperación, nuns casos, ou a concesión, noutros, de dereitos que o patriarcado no seu intento de someter ás mulleres nos arrebatou. Lonxe de dobregármonos, unímonos para loitar polos nosos dereitos e desde os movementos feministas mobilizámonos e erguémonos para dicir “xa abonda”. Estas mobilizacións culminaron en dúas grandes marchas en Madrid, o Tren da Liberdade en 2014, polo dereito das mulleres para decidir e a Marcha do 7N en 2015, contra as violencias machistas. Estes dous acontecementos supuxeron un fito, tanto en España como a nivel Internacional, pois conseguiron unir a colectivos de mulleres e a persoas a título individual nunha fronte común, esixir medidas para erradicar todo tipo de violencia cara ás mulleres.

Con todo, o Patriarcado segue tentando manter a súa hexemonía e poder, tanto é así, que abriu novas fronteiras de contenda que buscan o enfrontamento entre os grupos de mulleres. Así, nun intento de “divide e vencerás” sacaron á palestra temas como é a regulación da prostitución fronte á abolición da mesma, ou a maternidade subrogada.

Os movementos feministas, e as mulleres en xeral, debemos estar alerta e ter presente aquilo que nos une: a loita contra o Patriarcado, o machismo e a procura da igualdade. Non esquezamos que temos moito camiño por percorrer. Non debemos baixar a garda ante a cantidade de feminicidios que se producen tanto no Estado español como no resto do mundo. Até este momento son 86 as mulleres asasinadas en España polo simple feito de seren mulleres. Non debemos esquecer que as violencias cara ás mulleres, non só non paran senón que cada vez son máis cruentas e comezan a idades máis temperás.

Ante a continua e persistente criminalización das mulleres que sofren **violencia sexual**, debemos esixir o noso dereito a saírmos á rúa sen medo, á hora que queiramos e vestidas como nos dea a gana.

Estar alerta e denunciar toda **discriminación laboral e/ou económica** por sermos mulleres. A fenda salarial sitúase nun 24% e o número de mulleres en situación de pobreza non fai máis que medrar. Mentres a pobreza aumenta, a franxa que separa as condicións de homes e mulleres vaise facendo cada vez maior, non esquezamos que o 70% das persoas en situación de pobreza son mulleres (feminización da pobreza).

Reivindicar que a **saúde das mulleres** sexa tratada con perspectiva de xénero, que se promovan políticas de promoción da saúde desde varios enfoques, pois faise patente a necesidade de tomar medidas lexislativas, fiscais, e cambios organizativos para dar unha resposta axeitada ás mulleres.

Esixir ao Goberno que a violencia cara ás mulleres sexa considerada unha **cuestión de Estado**.

Desde a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical apoiamos a proposta da Plataforma 7N para que o 2017 sexa o ano para a eliminación das violencias machistas, e que se promovan propostas concretas para a súa erradicación.

Porque as mulleres querémonos **“VIVAS, LIBRES E EMPODERADAS”**

Asemblea de Mulleres do STEG
Organización de Mujeres de la Confederación Intersindical
25 de novembro de 2016

vivas,
libres y
empoderadas



Propostas Didácticas

LISTAXE DE MULLERES E NENAS ASASINADAS POR VIOLENTOS MACHISTAS DESDE O 1 DE XANEIRO AO 31 DE OUTUBRO DE 2016

1	1 enero	Josefa	80 años	Barcelona	Agresor trabajador geriátrico
2	3 enero	Sin identificar	40 años	Málaga	Agresor consumidor prostitución
3	4 enero	Mariana	43 años	Madrid	Agresor pareja
4	5 enero	Silvia	33 años	Galápagos (Guadalajara)	Agresor ex pareja
5	7 enero	Tirela	21 años	Alange (Badajoz)	Agresor ex pareja
6	13 enero	Lucinda	43 años	Vila-Seca (Tarragona)	Agresor ex pareja
7	21 enero	María	74 años	Valencia	Agresor pareja
8	23 enero	Lisa Jane	49 años	Palma de Mallorca	Agresor pareja
9	26 enero	Alicia	17 meses	Vitoria	Agresor conocido madre
10	27 enero	Ascensión	46 años	Avilés	Agresor pareja.
11	4 febrero	Valeriana	80 años	Talavera	Agresor hijo
12	11 febrero	Ana	40 años	Becerrá	Agresor ex pareja
13	11 febrero	Sin identificar	54 años	Estepona (Málaga)	Agresor amigo
14	12 febrero	Sin identificar	60 años	Fuengirola (Málaga)	Agresor pareja
15	13 febrero	Paqui	72 años	Valencia	Agresor pareja
16	19 febrero	Rosa	57 años	Porto do Son (Coruña)	Agresor pareja
17	22 febrero	Soraya	37 años	Miralbueno(Zaragoza)	Agresor ex pareja
18	24 febrero	Sara	31 años	Sevilla	Agresor violador
19	6 marzo	Fátima	19 años	Oria (Almería)	Agresor vecino
20	11 marzo	Elena	42 años	Coslada (Madrid)	Agresor consumidor prostitución
21	11 marzo	Victoria	19 años	Sonex parejaarejallorca)	Agresor ex pareja
22	14 marzo	Silvia	35 años	Gijón	Agresor ex pareja
23	14 marzo	Josefa	63 años	Pozo Alcón (Jaén)	Agresor consumidor prostitución
24	9 abril	Tatiana	24 años	Lugo	Agresor ex pareja
25	12 abril	Carmen	48 años	Benidorm (Alicante)	Agresor pareja
26	14 abril	Cristina	47 años	S. Feliu Llobregat (Barcelona)	Agresor pareja
27	17 abril	Yolanda	48 años	Salamanca	Agresor ex pareja
28	24 abril	Sin identificar	47 años	Valls (Tarragona)	Agresor consumidor prostitución
29	25 abril	Marta	43 años	El Ferrol	En investigación
30	8 mayo	Rosario	72 años	Zaragoza	Agresor pareja
31	11 mayo	Candelaria	50 años	S.Cruz Tenerife	Agresor ex pareja
32	12 mayo	Sin identificar	37 años	Canyelles (Barcelona)	Agresor ex pareja
33	16 mayo	Catherine	23 años	Madrid	Agresor ex pareja
34	29 mayo	Lucia	47 años	Port de Pollença (Mallorca)	Agresor pareja
35	1 junio	Jana	32 años	Sevilla	Agresor pareja
36	4 junio	K.A.	25 años	Adeje (Sta. Cruz de Tenerife)	En investigación
37	10 junio	Cristina	36 años	Torre Pacheco (Murcia)	Agresor vecino (violencia sexual)
38	11 junio	Aránzazu	40 años	Badalona (Barcelona)	Agresor pareja
39	15 junio	Margarita	60 años	Vitoria	Agresor conocido
40	21 junio	Sin identificar	31 años	Gironella (Barcelona)	Agresor primo
41	22 junio	Christelle		Angelu (Gastéiz)	Agresor pareja
42	22 junio	Emma	17 años	Angelu (Gastéiz)	Agresor pareja
43	22 junio	Carla	11 años	Angelu (Gastéiz)	Agresor padre
44	23 junio	Anastasia	40 años	Maspalomas (Gran Canaria)	Agresor expareja
45	2 julio	Teresa	47 años	Lepe (Huelva)	Agresor ex pareja

vivas,
libres e
empoderadas

Propostas Didácticas

LISTAXE DE MULLERES E NENAS ASASINADAS POR VIOLENTOS MACHISTAS DESDE O 1 DE XANEIRO AO 31 DE OUTUBRO DE 2016

46	7 julio	Sin identificar	48 años	Madrid	En investigación
47	7 julio	Sin identificar		Tenerife	En investigación
48	7 julio	Sin identificar	50 años	Málaga	En investigación
49	10 julio	Karla	22 años	Melilla	Agresor ex pareja
50	11 julio	Alexandra	32 años	Zaragoza	Agresor ex pareja
51	11 julio	Carmen	71 años	Frigiliana (Málaga)	Agresor pareja
52	17 julio	Benita	49 años	Aranda del Duero (Burgos)	Agresor pareja
53	20 julio	Krizstina	43 años	Benicàssim (Castelló)	Agresor pareja
54	23 julio	Arantzazu	51 años	Bilbao	Agresor ex pareja
55	5 agosto	Pilar	64 años	Cádiz	Agresor ex yerno
56	8 agosto	Xue Sandra	32 años	L'Alcúdia (Mallorca)	Agresor pareja
57	17 agosto	Johana	32 años	Torreveja (Alacant)	Agresor pareja
58	17 agosto	Janaína	39 años	Pioz (Guadalajara)	En investigación
59	17 agosto	Maria Carolina	4 años	Pioz (Guadalajara)	En investigación
60	21 agosto	Juana	58 años	Moya (L. Palmas, Canarias)	Agresor pareja
61	23 agosto	Jane	58 anys	S. Brígida (G. Canaria)	Agresor pareja
62	23 agosto	Sara	28 años	Salou (Tarragona)	Agresor consumidor prostitución
63	26 agosto	Mayte	59 años	Ciutadella (Menorca)	Agresor hijo
64	27 agosto	Sin identificar		Algeciras (Cádiz)	Agresor pareja. En investigación
65	1 septiembre	Sin identificar	42 años	Arona (Tenerife)	Agresor hijo
66	8 septiembre	Teresa	57 años	Málaga	Agresor hijo
67	8 septiembre	S.C.	32 años	Madrid	En investigación
68	15 septiembre	Florentina	32 años	Esplugues de Llobregat	Agresor ex pareja
69	17 septiembre	Ada	34 años	Ibiza	Agresor ex pareja
70	18 septiembre	Sin identificar		Premià de Mar (Barcelona)	Agresor pareja
71	6 octubre	Mónica	32 años	Arévalo (Ávila)	Agresor pareja
72	10 octubre	Isabel	89 años	Alicante	Agresor sobrino
73	16 octubre	Estefanía	26 años	Olivares (Sevilla)	Agresor ex pareja
74	17 octubre	Sin identificar,	37 años	Masquefa (Barcelona)	En investigación
75	20 octubre	Isabel	51 años	Fuentes Oñoro (Salamanca)	Agresor pareja
76	26 octubre	Luisa	63 años	Las Palmas G Canaria	Agresor hijo
77	27 octubre	Lorena	32 años	Tenerife	Agresor consumidor prostitución
78	28 octubre	Sin identificar	75 años	Calpe (Alicante)	Agresor pareja
79	29 octubre	Vanesa	15 años	Chella (Valencia)	Agresor amigo

Fuentes: Intersindical Valenciana realiza o seguimento anual dos asasinatos segundo noticias en prensa, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e Feminicidio.net .

Homes e nenos asasinados

- Juan José, de 37 años, Santa Ponça (Mallorca)
- Jhon Pepe, de 43 años, Madrid
- S.I., mes y medio, Campohermoso (Níjar)
- David, 12 meses, Pioz (Guadalajara)
- Marcos, 39 años, Pioz (Guadalajara)

As estatísticas oficiais só contabilizan as mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas. Nós contámolas a todas, non só ás que mantián unha relación co agresor. Outro tipo de violencia brutal contra as mulleres é a exercida polos fillos ás nais, que se contempla como violencia doméstica e non de xénero, pero para nós é unha manifestación máis do machismo.

Os datos vanse actualizando segundo vanse confirmando as primeiras noticias.

Confiamos en que chegue un día que non teñamos que facer este seguimento, que facemos para visibilizar a todas as mulleres e nenos que foron asasinados por delinquentes machistas.

Por elas, por todas BASTA DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES!



25 de Novembro 2016

Propostas Didácticas

Educación Infantil, Primaria, E.S.O., Bacharelato e F.P.A.

